



***BOIRO: 5.000 ANOS DE CAMBIO CLIMÁTICO E
EXPLOTACIÓN DO MEDIO NO MARCO DE AROUSA
NORTE***

**ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICAS E LABORES DE
RESTAURO NO COMPLEXO DOS CASTROS DO
NEIXÓN (BOIRO, A CORUÑA). CAMPAÑA 2012**

MEMORIA TÉCNICA

Andrés Bonilla Rodríguez

Ramón Fábregas Valcarce

ÍNDICE

1. Presentación
2. Situación, descripción e contexto cronomaterial dos castros de Neixón
3. Traballo arqueolóxico realizado na campaña de 2012
 - 3.1. Traballo de excavación arqueolóxica
 - 3.2. Traballo de consolidación de estruturas
 - 3.2.1. Consolidación de pezas soltas
 - 3.2.2. Consolidación de estruturas.
 - 3.3. Metodoloxía
 - 3.3.1. Traballo de escavación
 - 3.3.2. Traballo de consolidación.
 - 3.4. Sistema de recollida de datos e documentación
 - 3.4.1. Documentación planimétrica
 - 3.4.2. Documentación fotográfica.
 - 3.4.3. Tratamento e estudo dos materiais móbiles.
 - 3.4.4. Mostras para analíticas.
 - 3.4.5. Inventario e siglado dos materiais arqueolóxicos.
4. Resultados obtidos
 - 4.1. Sector 1
 - 4.2. Sector 2
 - 4.3. Sector 3
 - 4.4. Consolidación de estruturas
 - 4.5. Materiais arqueolóxicos
 - 4.5.1. Material arqueolóxico cerámico
 - 4.5.1.1. Listado do material arqueolóxico cerámico
 - 4.5.2. Outros materiais
 - 4.5.2.1. Material latericio e de construción
 - 4.5.2.2. Industria lítica
 - 4.5.2.3. Escouras.
5. Tapado das zonas de escavación
6. Conclusións
- Bibliografía

PLANOS E FIGURAS:

- 1. Plano de situación
- 2. Plano de emprazamento
- 3. Plano de localización dos traballos
- 4. Sector 1. Perfís do transepto 1 do foxo
- 5. Sector 2. Fotos aéreas estados inicial e final
- 6. Planta Sector 2
- 7. Perfil N Sector 2
- 8. Planta sector 3
- 9. Perfil E Sector 3

ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICAS E LABORES DE RESTAURACIÓN NO COMPLEXO DOS CASTROS DO NEIXÓN (BOIRO, A CORUÑA). CAMPAÑA 2012

MEMORIA TÉCNICA

1. Presentación.

A presente Memoria Técnica describe os traballos de escavación arqueolóxica e consolidación de estruturas realizados do 6 ao 31 de agosto de 2012 nos Castros de O Neixón (Boiro, A Coruña). O obxectivo destes traballos foi a continuación das escavacións realizadas no ano 2011 nas zonas denominadas Sectores 1, 2 e 3, a reparación de zonas puntuais das estruturas postas en valor nos dous castros e a consolidación dun dos elementos constructivos eshumados en anos anteriores no Castro Grande, contribuíndo a unha mellor caracterización do conxunto.

Estes traballos foron realizados en virtude do Acordo Marco asinado entre o Concello de Boiro e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de traballos relacionados co patrimonio arqueolóxico municipal e, en concreto, para a execución dun campo de trabalho de temática arqueolóxica en Neixón.

2. Situación, descripción e contexto cronocultural dos castros de Neixón.

Os xacementos castrexos de Neixón Grande e Neixón Pequeño localízanse na península do mesmo nome, situada entre a praia Lubrigo e a enseada de Taragoña, no litoral de Boiro. Trátase dunha zona que conserva un ámbito ecológico interesante con vistas privilexiadas sobre o tramo medio-interior da ría de Arousa. Os dous asentamentos, espacialmente moi próximos, foron escavados intensamente dende os anos vinte deste século conservando á vista parte das súas estruturas arquitectónicas orixinais (Neixón Pequeno), o que lles proporciona un gran potencial turístico e didáctico .

O Castro Grande localízase nun pequeno outeiro situado no centro da península e está composto por un recinto superior aterraplenado defendido na súa zona N por unha sucesión de foxo e muralla, e un terraplén de menor altura no resto do seu perímetro, ao que seguen unha serie de aterrazamientos en dirección SURSUESTE, pechados ao N por unha prolongación da muralla, ata alcanzar a liña de costa. A gran cantidade de materiais de orixe romana recuperados nas escavaciós ata a data practicadas neste xacemento sugire que viviu o seu momento de apoxeo no período inmediato ao cambio de Era (séculos I e II despois de Cristo), sendo abandonado en época Galaico-Romana.

O Castro Pequeno, emprazado no extremo da península, configúrase como un exemplo clásico dos denominados "castros costeiros". Posúe un único recinto rodeado polo mar en todo o seu perímetro, agás na zona de istmo onde se levanta unha muralla defensiva que pecha o acceso ao núcleo habitado. No seu interior localízaronse os restos dunha decena de vivendas, na súa maioría realizadas con muros de mamposteria e planta redondeada. A diferenza do anterior, estivo habitado durante a primeira Idade do Ferro (séculos VI e V antes de Cristo). Ao termo deste período o asentamento foi abandonado, polo que se pode descartar que ambos os dous castros estivesen habitados ao mesmo tempo.



Vista aérea dos castros de Neixón

3. Traballos arqueolóxicos realizados na campaña de 2012.

3.1. Traballos de escavación arqueolólica.

No ano 2012 interviuse nas seguintes zonas (ver plano 3 da parte gráfica adxunta):

- **Foxo dianteiro do Castro Grande (SECTOR 1).** Continuouse coa escavación do foxo defensivo localizado no exterior do lado N do Castro Grande, obxecto de estudo nos anos 2009, 2010 e 2011, ata acadar a cota inferior do mesmo. A escavación desta zona realizouse nas semáns 3 e 4 dos traballos.
- **Esquina norleste do recinto interno do Castro Grande (SECTOR 2).** Nesta zona do Castro Grande na campaña 2012 continuouse coa escavación dun sector parcialmente escavado no ano 2005 e ampliado cara o N no ano 2011 realizando, así mesmo, a consolidación e protección dunha das estruturas alí localizadas. A escavación desta zona, con unha superficie de 94,5 m², realizouse nas semáns 1 a 4 dos traballos.
- **Ampliación do SECTOR 3 do ano 2011.** Os traballos realizados na campaña 2011 no sector localizado ao W do Castro Pequeno documentaron na esquina NW da área escavada a existencia dos restos dunha posible estrutura de carácter tumular que continuaba baixo os perfiles dos lados N e W do sector. Na súa periferia aparecían os restos dunha cista desmantelada composta por pedras de xisto de forma plana e alongada (UE 540).

No ano 2012 realizouse a delimitación destos restos mediante a ampliación do sector nos lados N e W da área intervista no ano 2011, co obxectivo de deixar ao descuberto dita estrutura e avaliar as súas características. A escavación desta zona , con unha superficie de 60 m², fíxose nas semáns 1 a 4 dos traballos.

3.2. Traballos de consolidación de estruturas.

3.2.1. Consolidación de pezas soltas.

O examen das estruturas arqueolóxicas consolidadas para a súa posta en valor no conxunto de O Neixón amosaba a existencia de numerosas zonas onde, polo efecto da vexetación ou pola acción dos axentes atmosféricos, existían elementos soltos que foi preciso repoñer e consolidar.

3.2.2. Consolidación de estruturas.

Consolidadas no ano 2011 dúas estruturas significativas do Sector 3 do Castro Grande, no ano 2012 continuouse cos traballos de consolidación preventiva, agora centrados nunha estrutura (UE803), identificada na presente campaña como un forno, ubicada diante da ampliación do sector (ver Fig. 1. Unidades estratigráficas do Sector 2).

3.3. Metodoloxía.

3.3.1. Traballos de escavación.

Dende o punto de vista técnico e metodolóxico, e tendo en conta o carácter e a natureza do xacemento arqueolóxico sobre o que se intervén, tiveronse en conta as seguintes condicións:

Coa excepción dan ampliación feita no sector 3, onde realizouse baixo control arqueolóxico a decapaxe con medios mecánicos dos niveis estériles superficiais, a escavación dos distintos sectores realizouse de xeito manual, empregando para este fin todos aqueles instrumentos habituais nunha escavación arqueolóxica en terra. A intervención avanzou en cada zona seguindo a secuencia estratigráfica real do terreo, ata acadar o sustrato ou localizar restos de estruturas.

A metodoloxía aplicada seguío o sistema de rexistro ideado por Harris¹. Para a xestión e tratamiento da información da intervención arqueolóxica utilizaronse os programas **Proleg MatrixBuilder (Id. Licencia 48725)** e **Proleg StratiGraf 6.0 Pro (Id. Licencia 152778)**, especialmente deseñados para iso. O rexistro e descripción dos niveis e estruturas arqueolóxicas realizouse mediante as fichas e a metodoloxía detallados nos distintos ANEXOS do proxecto de intervención.

Procedeuse á recollida dos obxectos móbiles, individualizados por unidades estratigráficas, e documentaronse exhaustivamente os restos arqueolóxicos inmóbiles aparecidos a nivel escrito e gráfico, tanto de plantas coma de seccións e/ou alzados. O sistema de rexistro permitiu o tratamento informático da información e unha xestión eficiente desta.

¹ Harris, E. C.: *Principios de estratigrafía arqueológica*, Barcelona, 1991.

3.3.2. Traballos de consolidación.

A consolidación e restauración das estruturas realizouse seguindo criterios de reversibilidade e evitando adicións miméticas, empregándose un elemento diferenciador dos elementos restituidos. Todo o proceso de consolidación foi documentado fotográficamente, reflejando as diferencias entre o estado inicial e o final.

3.4. Sistema de recollida de datos e documentación.

3.4.1. Documentación planimétrica.

Respecto á documentación planimétrica tiveronse en conta os siguientes aspectos :

Realizaronse os suficientes planos xerais que reflecten os resultados da intervención. Os planos de referencia utilizan o sistema de coordenadas UTM e incorporan o necesario número de indicadores de cotas dos elementos intervidos. Para as plantas xerais de intervención empregouse a escala 1:50. A escala base dos planos de detalle é de 1:20, reflexada en copia en papel a escala 1:25 e 1:50.

3.4.2. Documentación fotográfica.

Fotografiaronse todas as estruturas arqueolóxicas e unidades estratigráficas rexistradas no curso da intervención e fixérонse fotografías de detalle dos elementos más representativos. A totalidade do rexistro fotográfico realizouse en soporte dixital de alta resolución.

3.4.3. Tratamento e estudo dos materiais móbiles.

En relación co tratamento dos materiais recuperados na actuación tiveronse en conta os seguintes aspectos:

Os obxectos foron individualizados por Unidades Estratigráficas en bolsas diferenciadas segundo o tamaño, material, fraxilidade, singularidade, etc.

Cada bolsa porta a súa identificación básica: nome do xacemento, sector ou área intervista e a Unidade Estratigráfica de orixe. O inventario de materiais realizarase de manera informática, mediante o programa PROLEG xa citado.

3.4.4. Mostras para analíticas.

Realizouse a toma de mostras das terras que se consideraron oportunas para unha análise posterior que contribúa a determinar a configuración e natureza do depósito. No caso dos restos de carbóns, recolleranse mostras co obxectivo de obter datacións radiocarbónicas que permitan secuenciar cronoloxicamente os achados. A toma de mostras, o seu rexistro e tratamento realizouse mediante a ficha e a metodoloxía detalladas nos ANEXOS 6 e 7 do proxecto de intervención. As mostras foron depositadas en embalaxes idóneas e identificadas externamente.

3.4.5. Inventario e siglado dos materiais arqueolóxicos.

Fíxose ó inventario da totalidade do material recuperado na actuación arqueolóxica. Cada unha das pezas e restos foron convenientemente sigladas. O siglado fíxose con tinta china sobre unha lenda de resina acrílica. Como sigla utilizouse o seguinte código: NE/número de peza.

O inventario incorpora o número de código, a referencia estratigráfica de orixe e unha descripción detallada de cada peza.

4. Resultados obtidos.

4.1. SECTOR 1

Transepto 1 do foxo N do Castro Grande

No ano 2011 a escavación do transepto 1 do foxo do lado N do Castro Grande rematou coa descuberta dun nivel de entullo de pedras de tamaño mediano e grande (UE320). No ano 2012 escavouse este nivel, dotado dunha potencia de 90-110 cm e asentado sobre un nivel inferior de terra de cor marrón clara e textura areosa, producto da sedimentación natural (UE321), que cubría a base do foxo, escavada na rocha natural a unha profundidade de 4,50 m respecto o seu borde externo.



Vista da base do transepto 1 do foxo N do Castro Grande



Vistas dende o S (foxo e parapeto superior) e o N (borde externo do foxo) do sistema defensivo do lado N do Castro Grande

ESTRATIGRAFÍA SECTOR 1: TRANSEPTO 1 DO FOXO

UE 1: Cuberta vexetal de 12 cm de potencia máxima. Cubre a UE302, UE309, UE310, UE303 e UE316. Cortada por UE 313 e UE311.

UE302: Escombeira contemporánea de 91 cm de potencia máxima. Baixo UE1. Cubre a UE316 e UE303. Presenta material cerámico, de construcción e bronce.

UE303: Corte contemporáneo. Corta a UE305 e UE317. Cuberto por UE316.

UE306: Transición ao substrato/substrato de xisto. Cortado por UE317. Baixo UE305.

UE305: Primer depósito de terra marrón con presenza de algunas pedras, que colmata o foxo. Presenta unha potencia máxima duns 2,30 m. Cubre a UE307 e UE317. Cortado por UE303. Presenta material cerámico de época romana mixturado con material de época recente.

UE307: Depósito de pedras de mediano tamaño con terra de cor marrón que colmata o foxo. Baixo UE305. Presenta unha potencia máxima de 1.30 m.Cubre a UE 321 e UE317.Localizouse material de época romana.

UE308=UE15 Paleosolo. Baixo UE309. Cubre a UE3. Cortado por UE313. 40 cm de potencia máxima.

UE309: Depósito construtivo inferior do parapeto defensivo. Baixo UE310.Cubre a UE308. 30 cm de potencia máxima.

UE 310: Depósito construtivo superior do parapeto defensivo. Baixo UE1. Cortado por UE 312. Cubre a UE309. 44 cm de potencia máxima.

UE311: Corte contemporáneo.

UE312: Recheo da UE 311.

UE313: Corte contemporáneo.

UE314: Recheo da UE313.

UE316: Depósito de terra gris. Baixo UE302.Cubre a UE303. 45 cm de potencia máxima.

UE317: Corte do foxo, feito no substrato de xisto UE3, que presenta forma en "U" ca base plana de 1.5m de ancho. Cuberto por UE305,UE307,UE321 e UE 322. Cortado por UE303.

UE318: Burato de poste. Baixo UE307.

UE319: Recheo de UE318.

UE320: =UE 307.

UE321: Segundo depósito de terra de cor marrón de gran medio-fino e poucas pedras que colmata o foxo.Baixo UE307.Cubre a UE317 e UE322. Presenta material de época romana.

UE322: Último depósito de terra de cor marrón, textura limosa e con presenza de carbóns,que colmata o foxo.Baixo a UE321.Cubre a UE317. Recolleuse unha mostra de carbóns, datada radiocarbónicamente no 2000 ± 30 BP que, unha vez calibrada, correspondería ao intervalo 50 BC-70 AD (Beta 334197).

4.2. SECTOR 2



Vista xeral dende o S do Sector 2. Estado inicial



Vista xeral dende o W do Sector 2. Estado final

As estruturas e negativas localizadas de S a N neste sector e escavadas na campaña 2012 foron as seguintes (ver Fig. 1. Unidades estratigráficas do Sector 2):

- UE440, primer botado de pedras de pequeno tamaño e terra de cor marrón escura de escasa compacidade e gran fino.

UE450, segundo botado de pedras de pequeno tamaño e terra de cor marrón escura de escasa compacidade e gran fino.Baixo UE440.

- Dous buratos de poste UE493 (19x16 cm) e UE806 (21x12 cm).
- Dúas pequenas foxas UE481 (40x16 cm), e UE807 (68x40 cm).
- UE804, forno coa boca (*praefurnium*) orientada hacia o S. Mide 2,5 m de lonxitude no eixo N-S e 2,30 no eixo E-W. A súa profundidade máxima é dun metro. A boca mide 80 cm (N-S) e 60 cm (E-W), sendo a súa profundidade de 52 cm. A estrutura confórmase a base dun corte no sustrato, correspondente coa base, pechado polos lados N, E e S por paramentos de sillarejo de granito e esquisto e no lado W por un depósito de terra marrón oscura, sobre o que se depositou un botado de xabre no que se apoia un paramento de peche superior. Presenta un burato de poste (UE830) no seu lado NW. Na zona da boca apareceron restos de terra rubefactada e cor alaranxado.



Vista dende o SW da UE804

- UE829, estrutura de forma oval (90x65 cm), anexa á UE803 e constituida por unha pedra de granito rodeada de pedras menores de granito e esquisto. Probablemente sele unha foxa, polo de agora non escavada.



Vista da UE829

- UE464, superficie rubefactada de 90 cm de lonxitude, 70 cm de anchura e 14 cm de altura, limitada ao W polos restos dun paramento de mampostería de granito e esquisto (UE810), anexo a unha zona de terra queimada (UE812) datada radiocarbónicamente no 1930 ± 30 BP, que unha vez calibrada correspondería ao intervalo 10-130 AD (Beta 334198). Cara ó S presenta un paleochán a modo de superficie dianteira (UE 828), pendente de excavación.



Vista dende o N das UE's 464 e 810

- UE816, burato de poste (28x32 cm) con tres calzos de pedra.
- UE487, restos dun paleochán de terra compactada (70x50 cm).
- UE820, burato de poste (20x8 cm).
- UE 825, restos dunha cimentación de trazado lonxitudinal, 5,20 m de lonxitude na zona escavada e orientación NW-SE. O seu trazado finaliza contactando coa UE803. Aproveita como base unha veta rochosa natural.



Vista da UE825

- UE814, burato de poste con calzo (19x12 cm).
- UE823, burato de poste con calzos (25x25 cm). No seu interior recolleuse un fragmento de escoura, posiblemente de ferro.
- UE818, negativa de forma oval (30x40 cm) e 21 cm de profundidade.
- UE800, cimentación a base de grandes bloques de granito e esquisto. Xurde dende o perfil N do sector con orientación N-S. Cimentada sobre o nivel de transición ao sustrato, polo lado externo posúe unha altura de 21 cm e de 30 cm polo lado interno, dado que a superficie que delimita aparece rebaixada.
- UE490, restos dun paramento de sillarejo (granito e esquisto) orientado en sentido E-W, de mala calidad e apoiado na UE800, xunto coa cal conforma o esquinial dunha edificación de planta cuadrangular. Con 40 cm de altura conservada, aséntase sobre un nivel de derrube de 25 cm de potencia.

- UE497, restos do basamento dun forno de planta curva aberta ao SW. Construido en mampostería de esquisto, conserva tres fiadas con unha altura de 25 cm e igual anchura, posuindo unha anchura interna de 1 m. Aséntase sobre o mesmo nivel de derrubo que a UE490, na que se apoia.
- UE832, restos dun paramento de sillarejo a base de pedras de granito e esquisto. Apoiado sobre a UE 497.



Vista xeral dende o S das UE's 800, 490, 497 e 832



Vista xeral dende o NE das UE's 800, 490, 497 e 832

ESTRATIGRAFÍA SECTOR 2

UE1: Depósito. Cuberta vexetal. Cubre a UE401, UE406 e 440.

UE3: Substrato de xisto/transición oa substrato.

UE400: Depósito. Nivel de terra solta de cor marrón e gran fino que se atopa cubrindo ao sector 2 na súa parte más ó S, onde se localizan os restos das intervencións arqueolóxicas feitas con anterioridade a campaña de 2011. Cubre a UE466.

UE401: Depósito. Nivel de terra marrón, textura areosa, escasa compactación e de pouca potencia que cubre a meirande parte dos restos arqueolóxicos documentados na ampliación do sector feita no ano 2011. Baixo UE 1.

UE402=UE440

UE403=UE440

UE404: Estrutura. Restos da cimentación dun muro cunha orientación NO-SL. Baixo UE401. Aséntase na UE456.

UE405=UE440

UE406: Estrutura. Murete de contención xunto ao parapeto L do Castro Grande de Neixón, formado por pedras de seixo e xisto de pequeno tamaño. En planta, a superficie conservada presenta unha forma rectangular seguindo unha orientación N-S.Cuberto por UE1.

UE407: Negativa. Burato de poste feito no substrato, localizado ao NO do sector 2. Cortado por UE466 e recheo por UE408.

UE408: Depósito.Recheo da UE407. Terra de cor marrón claro, de gran fino e textura areosa. Cortado por UE466.

UE409: Negativa. Burato de poste feito no substrato, localizado ao NO do sector 2 e ao S da UE407. Cortado por UE466 e recheo por UE410.

UE410: Depósito.Recheo da UE409.Terra de cor marrón,de gran fino e escasa compacidade.Cuberto por UE400.

UE411: Negativa. Corte feito na UE459, para asentar un fogar que, como primeira interpretación, consideramos relacionado con alghun tipo de actividade artesanal, xa que non se atopa nun contexto propiamente habitacional. Neste corte se asentan unha serie de pedras de xisto e alghun seixo (UE465) dispostas cunha inclinación duns 30 graos, seguindo ao corte. A UE412 rechea dito corte. As dimensíons totais do fogar son: 60 cm de profundidade e 160 cm (N-S) x 170 cm (E-O). O seu momento de abandono foi datado radiocarbonicamente nos intervalos 160-130 Cal BC/110 BC-20 Cal AD.

UE412: Déposito. Recheo de terra da UE411. Localizouse unha posible placa de ferro.

UE413: Negativa. Burato de poste localizado ao SO da UE411.Cortado por UE466 e recheo por UE414.

UE414: Depósito. Recheo da UE413. Trátase dunha terra de cor marrón, de gran fino e escasa compacidade. Presenta calzos ao O e abundantes carbóns. Cortado por UE466.

UE415: Depósito. Terra negra, de escasa compacidade, con presenza de raíces e pedras de pequeno tamaño. Localizado ao SL da UE404 e ao SO da UE406. Baixo UE1.

UE416: Depósito. Terra compacta cortada por UE466 ao S do sector 2.

UE417: Depósito. Terra de cor marrón claro, compacidade media. Baixo a UE 401 e que cubre a UE418. Localizáse ao L da UE 419.

UE418: Depósito. Terra marrón escura, de alta compacidade. Baixo UE417.

UE419: Negativa. Corte realizado no substrato, ao O da UE 418. Se lle asentan as pedras da UE420.

UE420: Depósito. Acumulación de pedras de xisto de mediano e gran tamaño, dispostas horizontalmente sobre a UE419 e UE496.

UE421: Negativa. Corte de grandes dimensións realizado no substrato, de forma ovalada, ao SL do sector . Presenta unhas dimensións de 120 cm de profundidade e 250 cm (L-O) x 170 cm (N-S). Cortado por UE466 e UE430. Se lle asenta a UE423 e a rechean a UE422 e UE432. Cuberto por UE432 só na súa metade O.

UE422: Depósito. Terra negra de escasa compactación e gran medio, que rechea a UE421, está cortado por UE466 e cubre a UE432, UE434, UE433, UE430, UE429, UE428, UE427, UE435, UE436. Acaróase na UE423.

UE423: Estrutura. Formada por pedras de mediano e gran tamaño, dispostas sen seguir unha orde determinada. Consérvase nas paredes N e L da negativa UE421 e parcialmente nas paredes O e S. Se lle acaroa á UE422.

UE424: Estrutura. Formada por pedras de mediano e gran tamaño dispostas de forma semicircular, localizada ao N da UE421. Poderían estar formando parte dunha mesma estrutura xunto á UE449. Cortada por UE466.

UE425: Depósito. Terra de cor marrón, compacidade media-alta e presenza de raíces, baixo UE401, ao S da UE418. Presenta material.

UE426: Depósito. Terra de cor marrón escuro con presenza de abundantes carbóns. Baixo UE401, ao NL da UE404. Cubre a UE822.

UE427: Depósito. Terra de cor negro, compacidade escasa e textura areosa. Rechea a UE428.

UE428: Negativa. Corte realizado na UE432, no interior da UE421, o NO. Recheo por UE427.Baixo UE422

UE429: Depósito. Terra que rechea a UE430.

UE430: Negativa. Corte feito na UE421, ao SL.Esta recheo por UE429.Baixo 422.

UE431=UE422

UE432: Preparado de arxila que cubre a UE421, na sua metade O. Baixo UE422. Está cortado por UE428, UE434 e UE436.

UE433: Depósito. Terra que rechea á negativa UE434.

UE434: Negativa. Corte feito na UE432, ao SO. Recheo por UE433.Cuberto por UE422.

UE435: Depósito. Terra de cor amarelo, textura areosa e escasa compacidade que rechea a UE436.

UE436: Negativa. Corte feito ao S da UE432 e recheo por UE435. Presenta unhas dimensións moi pequenas e forma circular. Cuberto por UE422.

UE437: Depósito. Terra de cor amarelo, cunha alta compactación e presenza de gravillas.Baixo UE463 e sobre o substrato.Localizado ao O da UE440. Presenta material cerámico e escoura de ferro.

UE438: Negativa. Burato de poste feito no substrato localizado ao S do sector 2. Cortado por UE466. Está recheo por UE439 e presenta calzos de dimensións considerables, dispostos verticalmente e acaroándose nas paredes do corte.

UE439: Depósito. Terra de cor negro, textura solta e gran fino, con tres pedras a modo de calzos dispuestos verticalmente, acaroados nas paredes do corte. Rechean a UE438.

UE440: Primer botado de pedras de pequeno tamaño e terra de cor marrón escura de escasa compacidade e gran fino. Baixo UE1. Presenta material cerámico e escoura. Cubre a UE450.

UE441: Restos dunha posible estrutura, formada por unha serie de pedras de mediano e gran tamaño, probablemente desprazadas do seu lugar orixinal, e sen unha forma definida. Localizadas ao SO do sector 2. Cortada por UE466.

UE442: Restos dunha posible estrutura desmantelada, formada por unha serie de pedras de mediano e gran tamaño, sen ningunha forma definida e que probablemente atópanse desprazadas do seu lugar de orixe. Localizadas ao SO do sector 2. Cortada por UE466.

UE443: Restos dunha posible estrutura desmantelada, formada por unha serie de pedras de mediano e gran tamaño, sen ningunha forma definida e que probablemente atópanse desprazadas do seu lugar de orixe. Localizadas ao SO do sector 2. Cortada por UE466.

UE444: Restos dunha posible estrutura desmantelada, formada por unha serie de pedras de mediano e gran tamaño, sen ningunha forma definida e que probablemente atópanse desprazadas do seu lugar de orixe. Localizadas ao SO do sector 2. Cortada por UE466.

UE445: Negativa. Foxa. Trátase dun corte feito na UE459 de forma ovalada, escavado parcialmente na campaña de escavación arqueolóxica do 2005, concretamente na súa metade L. Localízase ao O do sector. Está cortada por UE466. Rechea por UE446, UE455, UE452, UE453, UE454.

UE446: Depósito. Primeiro depósito que rechea a UE445. Presenta unhas características similares ao substrato. Cortada por UE466. Cubre a UE453, UE454 e UE455.

UE447: Restos dunha posible estrutura desmantelada, localizada ao SL da UE421 e do sector. Está formada por unha acumulación de pedras de pequeno tamaño,

dispostas seguindo un eixe N-S e terra de cor marrón de compacidade media. Cortada por UE466.

UE448: Restos dunha posible estrutura desmantelada, formada por unha serie de pedras de mediano e gran tamaño, sen ningunha forma definida e que probablemente atópanse desprazadas do seu lugar de orixe. Localizadas ao L do sector 2. Cortada por UE466.Cubre a UE486.

UE449: Restos de posible cimentación dun muro, con dirección S-N, ao NO da UE 421. Podería estar formando parte da UE424. Cortada por UE466.

UE450: Segundo botado de pedras de pequeno tamaño e terra de cor marrón escura de escasa compacidade e gran fino.Baixo UE440. Presenta escoura así como material cerámico. Cubre as UE464, UE462, UE470, UE480, UE488, UE800, UE801, UE499,UE495,UE490,UE497, UE809, UE834 e UE472.

UE451=446. Localizouse unha semilla e unha conta de colar nas labores de limpeza do depósito.

UE452: Depósito. Último depósito que rechea a UE445, entendendo como último, o más antiguo. Trátase dunha terra de cor marrón escuro case negro, de escasa compacidade e gran fino. Baixo UE455. Mostras: M8 (recollida ao L da foxa) e MC3, datada radicocarbónicamente no ano 2011 no intervalo 370-170 Cal BC (a data marca o inicio da colmatación da foxa).

UE453: Depósito. Terra de cor grisáceo e textura areosa, de gran moi fino. Baixo UE446, no interior da foxa UE445, ao NO. Presenta abundantes carbóns.

UE454: Depósito. Terra de cor negro e textura areosa, de gran moi fino. Baixo UE446, no interior da foxa UE445, ao N da UE453. Presenta abundantes carbóns.

UE455: Depósito.Terra de cor marrón e compacidade media que rechea a UE445. Localízase baixo UE446 e sobre UE452.

UE456=462

UE457: Depósito.Trátase dunha terra de cor alaranxada,compacidade media e gran fino localizada ao S da UE450 e ao L da UE419. Baixo UE401. Neste nivel se asenta a UE458.

UE458: Restos dunha posible estrutura, formada por unha serie de pedras dispostas cunha orientación NO-S, ao S da UE450. Cuberta por UE401. Se asenta na UE457.

UE459: Depósito similar ao substrato, de cor amarela, compacidade media-alta e presenza de pequenas pedras e composición mineral. Localízase ao O do sector, na zona onde xa se escavara con anterioridade a campaña de 2011, xunto ao perfil, a unha cota maior que o resto do sector. Está cortada por UE466, UE459, UE413 e UE411.

UE460: Negativa. Corte para burato de poste localizado ao N de UE411. Cortada por UE466. O rechea UE461. Corta a UE459..

UE461: Depósito. Recheo de terra de cor negro con presenza de raíces e calzos, que rechein á UE460. Cortado por 466.

UE462: Depósito. Terra de cor moi negro, orgánica e con escasa compacidade, cuberta por UE450 e UE489. Cubre a UE827 e UE828.

UE463: Depósito. Terra de cor marrón, compacidade media-alta, con pedras de pequeno tamaño. Presenta material cerámico. Baixo UE401 e ao O da UE440.

UE464: Superficie rubefactada de 90 cm de lonxitude, 70 cm de anchura e 14 cm de altura, limitada ao W polos restos dun paramento de mampostería de granito e esquisto (UE810), anexo a unha zona de terra queimada (UE812). Hacia o S presenta un paleochán a modo de superficie dianteira (UE 828), pendente de escavación. Baixo UE450.

UE465: Depósito. Acumulación de pedras de seixo e xisto dispostas sobre o corte de forma circular UE411. Cortada por UE466.

UE466: Interficies de destrucción xerada pola escavación da zona S do sector 2 na Campaña 2005, que corta todalas unidades estratigráficas localizadas na escavación do ano 2005. Cuberta por UE400.

UE467: Depósito contemporáneo de pedras no interior da UE421. Cubre a UE466 e está cuberta por UE400. Foron postas no interior da UE421 para tapalo oco.

UE468: Esta Ue corresponde con tres bloques de seixo de gran tamaño. localizados na zona media do sector.

UE469: Depósito de pedra, terra e plásticos que enchían o interior da UE421. Interprétase como unha escombeira da última intervención realizada con anterioridade á de 2011. Cuberta por UE400.

UE470: Derrube de terra e abundantes pedras de granito e xisto localizado baixo a UE450. Cubre a UE498 e UE823.

UE471: Derrube a base de pedras de seixo e xisto de diferentes formas e tamaños con terra mixturada, localizado en torno ós bloques graníticos UE468. Cubre a UE804, UE803, UE813, UE483, UE492 e UE485. Cuberta por UE479.M2 (semillas)

UE472: Nivel de terra compacta, de cor marrón alaranxada. Apoianse na UE498. Cuberto pola UE450.

UE473: Negativa. Corte localizado na esquina NO da cata de 2 x 1m aberta no Castro Grande, ao O do Sector 2, co obxectivo de comprobar os resultados obtidos polo gradiómetro nesta zona do xacemento. Cuberta por UE1.

UE474: Depósito que enche a UE 473. Terra marrón con pedras de pequeno tamaño.

UE 475: Negativa. Corte localizado na esquina SL da cata de 2 x 1m aberta no Castro Grande, ao O do Sector 2, co obxectivo de comprobar os resultados obtidos polo gradiómetro nesta zona do xacemento. Cuberta por UE1.

UE476: Depósito que enche a UE 475. Terra marrón con pedras de pequeno tamaño.

UE477: Negativa. Posible burato de poste localizado na zona media da cata, preto do perfil L. Cuberto por UE1.

UE 478: Depósito. Terra orgánica de cor marrón que enche a UE 477.

UE479: Depósito de terra de cor marrón e textura solta formado trala intervención do ano 2011 e que cubre a UE471, UE804, UE 829 e UE483.

UE480: Estrutura de pedras de forma ovalada xunto ao perfil O da parte N do sector. Dimensíóns: 160x80. Cubre a UE3. Cuberto por UE450.

UE481: Negativa. Burato de poste, localizado ao SL da UE468 e cuberto por UE484. Recheo por UE482.Corta a UE486. Dimensíóns:40x40x16 (N-S,E-O,profundidade)

UE482: Depósito.Recheo da UE481. Terra de cor marrón, de gran fino, textura areosa e con carbóns. Cuberto por UE484.M1²

UE483: Depósito de terra de cor negro localizada ao SL da UE804.Cuberta por UE479 e UE471. Á espera de ser escavada presenta en planta unhas dimensíóns de 90x50cm (N-S,L-O).

UE484: Depósito de terra de cor amarelo, de textura moi areosa. Na intervención do ano 2011 deuse como susbstrato pero na intervención deste ano 2012 confirmouse que se trata dun novo nivel.Cubre a UE486,UE481,UE493,UE805,UE807.

UE485: Depósito de terra de cor negro no interior da UE804, xunto á posible boca do forno, bastante compacto.Esquina SO.Cubre a UE803.Baixo UE471.Dimensíóns: 30x40cm.

UE486: Depósito de terra de cor amarelo moi compacta. Cuberta por UE484 e UE448. Cortada por UE481, UE493,UE805,UE807. Podería tratarse da UE3 pero hai que confirmalo.

UE487: Estrutura. Paleosolo.Trátase dos restos dun paleosolo, ao S da UE464, a base de terra compacta de cor negro con pedras machacadas de pequeno tamaño e presenza de material cerámico. Cuberto por UE489. Cobre a UE491. Dimensíóns: 70x50x3cm.(O-L, N-S,potencia).

UE488=UE834: Depósito/derrube de pedras de mediano tamaño e terra localizado na esquina NO do sector.Baixo UE440 e UE450. Cobre a UE3.

UE489: Derrube de pedras e terra ao N da UE468 e UE471.Cubre a UE462, UE492, UE491, UE802, UE816 e UE487.

UE490: Estrutura. Restos dun paramento de sillarejo (granito e esquisto) orientado en sentido E-W, de mala calidad e apoiado na UE800, xunto coa cal conforma o esquinal dunha edificación de planta cuadrangular. Con 40 cm de altura conservada,

² M1: Mostra nº1.Año 2012

aséntase sobre un nivel de derrube de 25 cm de potencia.Cubre a UE499 e UE833. Baixo UE450. Dimensiós:70x210x40 (N-S,L-O,altura).

UE491: Depósito. Trátase dunha especie de botado de xabre, de cor amarelo e con presenza de abundantes pedras de pequenas dimensiós e escasa compacidade.Cuberto por UE487 e UE489.

UE492: Depósito de terra de cor marrón con presenza de raíces e textura solta e areosa, no que se apoian algunas das pedras da UE471 e UE489.

UE493: Negativa. Burato de poste, de paredes rectas, localizado ao O da UE448. Recheo por UE494. Dimensiós:19x19x16cm (N-S,E-O,profundidade). Cuberto por UE484.Corta a UE486.

UE494: Depósito.Recheo da UE493. Terra de cor marrón, de gran fino e textura areosa. M3.

UE495: Depósito de terra de cor moi escuro localizado na esquina NL do sector. Cuberta por UE450.

UE496: Depósito de terra de cor negro baixo as pedras que conforman a UE420.Dimensiós: 180x180.Cubre a UE812.M4.

UE497: Estrutura. Restos do basamento dun forno de planta curva aberta ao SW. Construído en mampostería de esquisto, conserva tres fiadas con unha altura de 25 cm e igual anchura, posuindo unha anchura interna de 1 m. Aséntase sobre o mesmo nivel de derrubo que a UE490, na que se apoia. Baixo a UE450. Localizado ao S da UE490. Asentase na UE470. Dimensiós:110x100x30 (N-S,L-O,altura)

UE498: Depósito de terra de cor negro baixo a UE470 e UE472.Localizase ao S da UE497.Cortado por UE823.Cubre a UE818 e UE3.

UE499: Depósito de terra de cor marrón localizada ao L da UE800. Cuberto por UE450 e UE490.Recolleuse mostra de cunchas e carbóns. M12

UE800: Estrutura. Restos dunha cimentación a base de grandes bloques de granito e esquisto. Xurde dende o perfil N do sector con orientación N-S. Cimentada sobre o nivel de transición ao sustrato, polo lado externo posúe unha altura de 21 cm e de 30 cm polo lado interno, dado que a superficie que delimita aparece rebaixada.

Conserva un máximo de dúas fiadas. Continúa cara o perfil N do sector.Dimensíóns: 170x70x30 cm (N-S,L-O,altura).Cuberto por UE450.

UE801=UE810: Estrutura. Muro a base de pedras de granito de diversos tamaños, cunha dirección N-S localizado ao O da UE464. Dimensíóns:110x60x20cm (N-S,L-O,altura). Parece asentarse sobre a UE812.Cuberta por UE450.

UE802: Depósito de terra de cor moi negro e textura solta.Baixo a UE489 ao O da UE406.

UE803: Depósito. Terra de cor negro baixo o derrube de pedras UE471.Cubre a UE804 e UE830. Cuberto por UE471 e UE485.M5.

UE804: Restos dun forno coa boca (*praefurnium*) orientada hacia o S. Mide 2,5 m de lonxitude no eixo N-S e 2,30 no eixo E-W. A súa profundidade máxima é dun metro. A boca mide 80 cm (N-S) e 60 cm (E-W), sendo a súa profundidade de 52 cm. A estrutura confórmase a base dun corte no sustrato, correspondente coa base, pechado polos lados N, E e S por paramentos de sillarejo de granito e esquisto e no lado W por un depósito de terra marrón oscura, sobre o que se depositou un botado de xabre no que se apoia un paramento de peche superior. Presenta un burato de poste (UE830) no seu lado NW. Na zona da boca apareceron restos de terra rubefactada e cor alaranxado.Cuberta por UE479,UE803,UE471. Rechea por UE485. Posiblemente se fixo un corte no substrato e despois se colocaron as paredes e muros de pedra desta estrutura.

UE805: Negativa. Burato de poste circular de paredes rectas, localizado ao SL da UE804. Recheo por UE806.Baixo UE484. Corta a UE486. Dimensíóns:21x21x12cm (N-S,L-O,profundidade)

UE806: Depósito.Recheo da UE805. Terra de cor marrón, de gran fino e textura areosa.

UE807: Negativa. Burato de poste feito na UE486, localizado ao SL da UE804. Recheo por UE808.Baixo UE484. Dimensíóns:28x28x15cm (N-S,L-O,profundidade)

UE808: Depósito.Recheo da UE807. Terra de cor marrón, de gran fino e textura areosa.

UE809: Depósito. Derrube de pedras e terra de cor marrón escuro en dirección N-S localizado ao N-NO da UE801.Cubre á UE811 e UE812.Baixo a UE450. Localizouse unha pedra de medianas dimensíons con dúas perforacíons.

UE810=801

UE811: Depósito. Terra de cor marrón e textura solta baixo a UE809.Cubre a UE3 e UE814.

UE812: Depósito. Trátase dun nivel de terra queimada con presenza de carbóns e pedras de mediano tamaño ,bastante compacta.Cuberta por UE 809 e UE496. Dimensiós:180x110x15cm (N-S,L-O,profundidade).M10.

UE813: Depósito. Terra de cor marrón escuro e compacidade media, baixo unhas pedras (UE 471) que parecían formar outra unidade estratigráfica pero que finalmente comprobouse que non. Cubre a UE3. Localizado ao N da pedra granítica de maiores dimensíons da UE468.M11 (semillas).

UE814: Negativa. Burato de poste feito na UE3, cun calzo de granito ao NL. Baixo a UE811. Recheo por UE815. Dimensiós:19x19x12cm (N-S,L-O,profundidade)

UE815: Depósito.Recheo da UE814. Terra de cor marrón, de gran fino e textura areosa. M6

UE816: Negativa. Burato de poste ao S da UE487, con tres calzos de grandes dimensíons dispostos verticalmente (un granito e dous xistas) e parede inclinada cara o SO. Recheo por UE817. Cuberto por UE489.Corta a UE3. Dimensiós:28x32x20 (N-S,L-O, profundidade sen calzo).

UE817: Depósito.Recheo da UE816. Terra de cor marrón, de gran fino e textura areosa. M7

UE818: Negativa. Burato de poste feito na UE3, cunha parede inclinada cara o L.Localízase ao O da UE497. Recheo por UE819.Cuberto por UE498.

UE819: Depósito.Recheo da UE818. Terra de cor marrón, de gran fino e textura areosa.M10

UE820: Negativa. Burato de poste feito na UE3 e localizado ao O da UE816. Recheo por UE821. Dimensíons:20x21x8cm (N-S,L-O,profundidade)

UE821: Depósito.Recheo da UE820. Terra de cor marrón, de gran fino e textura areosa.

UE822: Depósito de terra de cor amarelo baixo a UE426 ao L do sector.

UE823: Negativa. Burato de poste feito na UE498, totalmente circular e de paredes rectas,cun calzo ao SL. Recheo por UE824. Baixo a UE470. Dimensíons:26x22x25cm (N-S,L-O,profundidade)

UE824: Depósito.Recheo da UE823. Terra de cor marrón, de gran fino e textura areosa. Localizouse no seu interior un fragmento de escoria.M8.

UE825: Estrutura. Restos dunha cimentación de trazado lonxitudinal, 5,20 m de lonxitude na zona escavada e orientación NW-SE. O seu trazado finaliza contactando coa UE803. Feita a base de pedras de xisto pertencentes ao substrato, dispostas directamente sobre un nivel de terra (UE839), aproveita como base unha veta rochosa natural.

UE826=812

UE827: Depósito. Terra de cor marrón e textura solta ao S da UE464.Cuberto por UE462.

UE828: Estrutura. Restos dun posible paleosolo/pavimento de cor negro e moi compacto, localizado ao S da UE827.Cuberto por UE462.

UE829: Estrutura de forma oval (90x65 cm), anexa á UE803 e constituida por unha pedra de granito rodeada de pedras menores de granito e esquisto. Probablemente sele unha foxa, polo de agora non escavada. Baixo UE479.

UE830: Negativa. Burato de poste feito no interior da UE804, ao NO da mesma. Recheo por UE831.Cuberto por UE803.

UE831: Depósito.Recheo da UE830. Terra de cor marrón, de gran fino e textura areosa.M9.

UE832: Estrutura. Restos dun paramento de sillarejo a base de pedras de esquisto e granito. Localizase ao L da UE497, na que se apoia. Cuberto por UE450.

UE833: Depósito. Derrube baixo UE490. Trátase dunha terra de cor negra con abundante presenza de pedras.

UE834=UE488.

UE835: Negativa. Trátase dun posible burato de poste, escavado á metade xunto á UE487. Recheo por UE836.

UE836: Depósito. Recheo da UE835. Terra de cor marrón clara, de gran fino e textura areosa.

UE837: Negativa. Corte feito no sustrato ao longo do sector seguindo unha dirección N-S ata chegar á UE804.

UE838: Negativa. Trátase dun posible burato de poste con tres calzos ao SL da UE825. Sen escavar.

UE839: Depósito de terra de cor marrón e raices. Baixo a UE825.

4.3. SECTOR 3

Como xa se indicou no apartado 3.1, o obxectivo dos traballos programados no ano 2012 no sector 3 foi a delimitación dos restos dunha posible estrutura tumular aparecida no cuadrante NW do sector no ano 2011, xunto a cal aparecían asociados os restos dunha cista feita con lousas de xisto. Ampliado o sector, os restos exhumados documentaron a existencia das seguintes unidades estratigráficas (ver Fig. 2. Unidades estratigráficas do Sector 3):



Perfil lonxitudinal E da zona intervada

ESTRATIGRAFÍA SECTOR 3

- UE 1, cuberta vexetal de 8 cm de potencia.
- UE 2, nivel de terra areosa de cor marrón clara de 38 cm de potencia.
- UE 17, terra marrón con algunha pedra de pequeño tamaño. 42 cm de potencia máxima e 20 cm de potencia media. Cubre as estructuras e negativas presentes na zona escavada.
- UE607, acumulación de terra marrón pouco compactada e grao fino, de 5-10 cm de potencia, mezclada con gran número de seixos e cuarcitas de pequeno e mediano tamaño. Localizada na zona S da área intervista, alí onde o terreo acada a súa cota más baixa.
- UE637, localizada na zona onde o terreo posúe maior cota, aparece formada por unha acumulación de seixos e cuarcitas similares aos da UE607 pero mixturados con terra de cor marrón clara e textura areosa, similar á do nivel superficial que a cubría. Delimitada polo W, aséntase sobre o nivel de transición ao sustrato.



Vista xeral dende o S da superficie escavada no ano 2012 no sector 3



Vista xeral dende o S da superficie escavada no ano 2012 no sector 3

- UE540, restos dunha cista desmantelada formada por xistas de forma plana e alongada, algúns dos cales aparecen fincados cunha orientación aproximada N-S. O tamaño das pedras varía entre os 23 e os 97 cm.



Detalle da UE540

- UE638, depósito formado por unha mixtura de terra orgánica, similar á UE607, lousas de xisto de pequeno tamaño, seixos e cuarcitas. Pola súa proximidade respecto á UE540, podería corresponderse coa súa continuación hacia o N.

- UE631, burato de poste (23 cm de diámetro e 25 cm de profundidade), escavado no nivel de transición ao sustrato.



UE631

4.4. Consolidación de estruturas.

Materiais empregados:

Cal hidráulica e area en proporción 1:3

Pigmentos inorgánicos

As labores de restauración efectuadas no xacemento de Neixón na campaña 2012 abranguen ás estruturas danadas do Castro Pequeno e do Castro Grande.

Castro Pequeno.

Realizouse una intervención de consolidación preventiva sobre as construcións numeradas como 1, 2, 3 e 4.

Na estrutura nº1 consolidouse con morteiro de cal hidráulica o extremo da construcción máis próximo ao camiño de acceso. Nesta zona o muro de escasa cota atopábase prácticamente desmantelado debido á perda de morteiro que propiciou o despazamento das pedras. A escasa cota do muro nesta zona de circulación tanto rodada como a pé, contribuiu á que se realizara á adición dun par de fiadas, engadido sinalizado mediante pequeñas pranchas de lousa que actúan como elemento separador. Nesta estrutura tamén se realizou a consolidación do asento do muro en dúas zonas onde se localizaban furados froito da acción animal e que afectaban á cimentación do muro. Nestas dúas zonas asegurouse a cimentación mediante a adición de pedras e morteiro e o posterior tapado con terra seguindo a orografía do terreo. Nesta mesma construcción que se atopa sobreescavada pola

cara externa, deixando ver as pedras de asento tamén engadiúsele terra para minimizar a acción de lavado dos alicerces do muro.



Estrutura 1. Estado inicial



Estrutura 1. Estado final

Na estrutura nº2 repuxéronse as pedras desprazadas e realizouse a adición dunha fiada para dar continuidade á estrutura e mellorala súa lectura. Esta adición foi sinalada co emprego do elemento separador de pranchas de lousa.



Estrutura 2. Estado inicial. Vista xeral



Estrutura 2. Estado inicial. Vista de detalle



Estrutura 2. Estado final. Vista xeral



Estrutura 2. Estado final. Vista de detalle

Na estrutura nº3 efectuouse a reposición das pedras da cabeceira desprendidas ou desprazadas.



Estrutura 3. Estado inicial. Vista xeral



Estrutura 3. Estado inicial. Vista de detalle



Estrutura 3. Estado final. Vista xeral



Estrutura 3. Estado final. Vista de detalle

Na estrutura nº4 efectuouse o asento e reposición dos cachotes movidos. A característica máis destacable da construción era o seu mal estado de conservación, propiciado en parte pola súas características construtivas, ao carecer de material aglomerante entre os cachotes, o que fixo necesario a desmontaxe e posterior montaxe da estrutura empregando un morteiro de cal coloreado que sustitúe á terra empregada como elemento aglomerante no orixinal. Non se efectuou a adición de novas fiadas senón que se intentou estabilizar a estrutura mediante o engadido de ripios.



Estrutura 4. Estado inicial



Estrutura 4. Estado final

Castro Grande.

Foron intervidas todas as estruturas do Castro Grande onde tras facer un reconocimento “de visu” se rexistraron danos nas construcións da vertente W do castro. Éstas posuían unas patoloxías bastante similares e que se centraban no desprazamento dalgunha das pedras que conforman o paramento na zona da porta das construcións. Neste caso a intervención consistiu na reposición dos elementos mediante o engadido de morteiro coloreado e algún ripio, e no caso da estrutura más occidental realizouse o engadido de dúas fiadas e a reposición da xamba da porta, así como a reposición dos elementos da cabeceira movidos ou desprazados.



Estrutura 5. Estado inicial. Vista xeral



Estrutura 5. Estado inicial. Vista de detalle



Estrutura 5. Estado final. Vista xeral



Estrutura 5. Estado final. Vista de detalle



Estrutura 6. Estado inicial. Vista xeral



Estrutura 6. Estado inicial. Vista de detalle



Estrutura 6. Estado final. Vista xeral



Estrutura 6. Estado final. Vista de detalle

Nas estruturas de acceso ao castro, tanto no murete da entrada como na cabana situada ao seu carón, realizouse un exame mediante unha limpeza da vexetación que os cubría puidéndose constatar o bo estado de conservación e a carencia de patoloxías.



Estrutura 7. Estado inicial. Vista xeral



Estrutura 7. Vista xeral despois da limpeza efectuada

A estrutura nº8 escavada na presente intervención (UE803) caracterízase por estar formada por pedras dispostas de maneira desordeada na que non se aprecia cara nin pola parte interna nin pola parte externa. Ten escasa altura e a terra actúa como conglomerante, o que converte a esta construcción nun elemento especialmente delicado. Antes do seu tapado e tralo seu rexistro efectuouse una intervención preventiva consistente na adición de morteiro de cal para aquelas pedras más susceptibles de desprazamento, áinda que a actuación centrouse na estabilización da construcción mediante a adición dun morteiro realizado con terra amasada con cal en proporción 1:5. Mediante esta adición preténdese minimizar a acción erosiva de lavado da choiva en puntos sensibles, sobre todo na cara externa e nalgúnsas zonas do interior onde froito do proceso de excavación, algúns cachotes quedaron desvinculados do resto da estrutura.



Vista da UE803, unha vez consolidada

4.5. Materiais arqueológicos.

4.5.1. Material arqueológico cerámico³


³ O estudo do material cerámico foi realizado por Josefa Rey Castiñeira, Andrés Teira Brión e Alba Antía Rodríguez Novoa, do GEPN da USC, más Nieves Veiga López, de PyA Arqueólogos.

CERÁMICA CASTREXA

Recuperáronse 112 fragmentos de cerámica castrexa, unha cantidade inferior á da cerámica de importación, 121 fragmentos. Esta proporción entre os dous tipos de produtos é moi semellante á rexistrada na campaña de 1976 (Rey 1983), igual que o forte grado de alteración que mostran os materiais (pequeno tamaño dos fragmentos, elevado índice de fragmentación, forte rodamento) e a mesma representación de grupos formais e tipos cerámicos.

É importante salientar que o número de cerámicas indeterminadas é de 51 fragmentos (o 19% do total). Trátase de pequenos fragmentos cerámicos moi rodados e de difícil adscrición cronolóxica, que posiblemente pertenzan á época castrexa e/ou romana, pero que necesitarían dun estudo máis pormenorizado.

Documentouse así mesmo un fragmento de *pondus* (NE/290) e numerosos fragmentos de material de construcción latericio, dos que siglamos tan só dous deles como exemplos do rexistrado na intervención arqueolóxica (NE104 e NE/3).



Porcentaxes do material cerámico documentado na intervención no Castro de Neixón
2012 (Total fragmentos:287)



En termos de consumo, ademais da menor proporción de cerámica castrexia con respecto os produtos importados, cabe sinalar tamén que é moi reducido o número de vasillas rexistradas con respecto a outros xacementos castrexos. Dos 73 fragmentos que teñen valor diagnóstico para a clasificación morfolóxica e decorativa, reconstrúense 67 vasillas máximo coas labores de pegado e en 53 vasillas mínimo se consideramos os bordes como a representación do total. Esta cantidade afecta aproximadamente a **159 m²** de escavación nesta campaña 2012, con potencias de entre 50 cm e 1,5 m, e para un período desenvolto en 600 anos.

Coma comparación podemos sinalar que Castrovite consume 742 vasillas mínimo e 1027 máximo en 55 m² escavados para uns 800 anos.

	Nº Frag	(NV+)	(NV-)
Monofacetados	22	20	20
Labios redondeados	10	9	9
Labio recto	1	1	1
Decoración Neixón Pequeno	1	1	1
V Borneiro A	1	1	1
V Singular	2	1	1
Vasillas globulares con borde simple	4	4	4
Vasillas globulares con borde reforzado	4	3	3
Vasillas Vigo	7	6	6
Vasillas Cíes	4	4	4
Xerra Toralla	2	1	1
Bordes	2	2	2
Asas	2	2	
Fondos	7	7	
Panzas con decoración incisa	2	2	
Panzas con decoración impresa	2	2	
Total vasillas	73	67	53


Intervención no Castro de Neixón 2012

Salvo un fragmento con decoración estilo Neixón Pequeno –NE/25-, que pola súa excepcionalidade, habería que considerar un elemento desprazado do seu contexto cronocultural orixinal, o castro de Neixón Pequeno, ou en todo caso unha testemuñade uso esporádico do espazo do castro grande durante a Fase Inicial, o resto das cerámicas castrexas ratifican unha ocupación do castro grande durante o Ferro II e cambio de era.



Cronoloxías tipolóxicas atribuídas os tipos cerámicos castrexos atopados en Castro Grande de O Neixón, na campaña 2012.

Consumen nunha proporción parecida cerámicas das Rías Baixas e da olería noroccidental.



Tradicións oleiras consumidas no Castro de Neixón Grande

En canto a calidade dos contextos arqueolóxicos, todo indica que están fortemente alterados, desprovistos de significados funcionais e sen garantía de asimilacións cronolóxicas entre os materiais e as UEs. De feito, a distribución dos tipos cerámicos que teñen valor diagnóstico para unha atribución cronolóxica sinalan UEs que mesturan materiais da fase media -Vasillas Toralla e Cíes- cos da fase final -Vasillas Vigo-.

Época	Tipo cerámico	UE							
		450	470	471	496	499	811	802	
Ferro I	Dec Neixón Pequeno								●
Ferro II	V Toralla	●							
	V Cíes	●	●			●			
Ferro II	V Singular Recarea			●					
Cambio de era	Borneiro A		●						
Cambio de era	V Vigo	●(4v)			●	●	●		

Redundan na mesma idea o tamaño dos fragmentos que case todos representan un único elemento formal e una proporción minúscula do seu perímetro. As escasas opcións de pegado –nunca mais de dous fragmentos– sinalan roturas in situ dentro dunha mesma UE ou moi próximas entre si de unhas pequenas fraccións que xa nada teñen que ver coas que se dan nun vertido orixinal de lixo, senín que mais ben sinalan desprazamentos maiores.

Sector	UE	Siglas
2	450	NE/34/37
	471	NE/70/71
	496/811	NE/17/98
	498	NE/76/77
	499	Ne/81/82
	499	Ne/87/88

No presente catálogo de pezas, describimos aqueles fragmentos que por pertencer á una determinada parte do recipiente (borde, asa,fondo..) ou por estar decoradas entre outras características, teñen un valor diagnóstico útil para unha atribución cronolóxica.


Tipos cerámicos do Ferro I

1. DECORACIÓN NEIXÓN PEQUENO

Fragmentos: 1

Vasillas: 1

Presenta unha acanaladura ancha e redondeada, que vai horizontal no ombro.



Contexto arqueolóxico

Atópase un só fragmento con de vasilla tipo Neixón, situado no sector 2, UE 802.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	802	1	NE/25

Cronoloxía tipolóxica e tradición oleira

Son típicas da Fase Inicial ou Ferro I. A súa tradición oleira non está definida.

Tipos cerámicos das Rías Baixas, Fase media

1. VASILLA TIPO CÍES 1

Fragmentos: 3

Vasillas: 3

Forma

Labio. Ensanchado de sección trapezoidal cun borde rematado nun plano vertical ou oblicuo.

Colo. Flexionado bastante estrangulado e de corto ou mediano desenrollo.

Diámetros boca: entre 21 e 40 cm.


Decoración


Non hai decoración no tramo coñecido do borde.

Manufactura

Modelado. Son de paredes regulares e finas en relación co tamaño das vasillas.

Acabado. Ne/62 e NE/47 non conservan a superficie orixinal. NE/50 ten alisado horizontal por dentro e combina no exterior un alisado exterior horizontal no labio e vertical no colo.





Contexto arqueolóxico

Os fragmentos de vasillas tipo Cíes atópanse na súa totalidade no sector 2, con predominio na UE 450 (2 fragmentos).

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	450	2	NE/47
			NE/50
	470	1	NE/62

Cronoloxía tipolóxica e tradición oleira

Son típicas das Rías Baixas durante a Fase Media.

2. VASILLA TIPO CÍES 2

Fragmentos: 1

Vasillas:1

Forma

Labio. Exvasado flexionado co borde ensanchado de sección amendoada e terminación redondeada. Ten facetado interior.


Colo. Estrangulado flexionado.

Diámetros da boca: 30 cm.

Manufactura

Modelado paredes finas para o seu tamaño e regulares.

Acabado Espatulado horizontal polas dúas caras.




Contexto arqueolóxico

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	499	1	NE/83

Cronoloxía tipolóxica e tradición oleira

Son típicas das Rías Baixas durante a Fase Media.



Mapa de distribución das vasillas Cíes.

3. XERRA TORALLA

Fragmentos: 2


Vasillas: 1

Asa. Sección grosa pentagonal dividida por un forte suco. É vertical do borde ó ombro, que pola súa curvatura supoñemos dunha xerra, con cabida para toda a palma da man.

Manufactura

Acabado

Non conserva superficies orixinais.




Contexto arqueolóxico

Atopáronse fragmentos de asa de xerra tipo Toralla no sector 2, ambos na UE 450 e pertencentes á mesma vasilla

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	450	2	NE/34
			NE/37

Cronoloxía tipolóxica e tradición oleira

Son típicas das Rías Baixas durante a Fase Media.



Mapa de distribución das vasillas Toralla.

Tipos cerámicos das Rías Baixas. Fase Final

1. VASILLA VIGO

Fragmentos: 7

Vasillas:6

Forma

Labio Catro das vasillas teñen un labio fino con aspecto de baqueta no exterior, tres de elas –NE/13, NE/17-98 e NE/58- con faceta horizontal estreita e un chanzo moi marcado, outra con faceta simple –NE/52-. Das dúas vasillas con reforzo una o ten triangular de altura moi reducida, con faceta –NE 19- e outra carece da prolongación en pico –NE/14- e da inclinación interior, que pasa a ser horizontal.

Corpo Conservan o arranque superior do seu corpo globular dúas vasillas - NE/13 e NE/17/98-.

Diámetros boca: entre 18 e 20 cm.

Decoración


Unha vasilla é lisa –Ne/52-, outra non conserva a superficie exterior – Ne/58As catro restantes teñen os sucos verticais característicos de este tipo de vasillas, Os de Ne/19 son profundos e rectilíneos para afianzar a baqueta, mentres que os de Ne/13 e Ne/17-98 teñen un suco arqueado e rematado en punto, que na segunda vasilla se repiten nunha pequena baqueta que adorna a intersección da panza. Os sucos do exemplar Ne/14 son mais ben uns triángulos impresos.


A faceta superior está decorada en dous casos, unha –Ne/19- con segmentos paralelos, perpendiculares o diámetro, outra con liñas de catro puntos impresas con peite.

Manufactura

Todos os trazos das vasillas indican unha tecnoloxía complexa e artesanal especializada.

Acabado: Superficies ben coidadas, cando se conservan, sobre todo na cara interior da boca.






Contexto arqueolóxico

Os fragmentos de vasillas tipo Vigo atópanse na súa totalidade no sector 2, destacando a UE 450 con 4 fragmentos. Atópase tamén unha vasilla rota, con fragmentos que se atoparon na UE496 e UE811.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	450	4	NE/13
			NE/14
			NE/52
			NE/58
	496	1	NE/17
	499	1	NE/19
	811	1	NE/98

Cronoloxía tipolóxica e tradición oleira

Son típicas das Rías baixas durante a fase Final. A vasilla Ne/14 é unha recreación de Vasilla Vigo propia da olería noroccidental.



Mapa de distribución das vasillas Vigo

Tipos cerámicos da Olería noroccidental Fases Media-Final


1. VASILLA TIPO BORNEIRO A

Fragmentos: 1

Vasillas:1

Todas as características da vasilla Ne/65 as fan incluír neste grupo: o labio con dobre reborde que define un plano horizontal na súa cara superior, o arranque dun colo en embude e a amplitude da curvatura do seu perímetro por tratarse de grandes vasillas.

Acabado: Superficies sen alisar.



. Ne/65




Contexto arqueolóxico

Atópase un só fragmento de vasilla tipo Borneiro A, situado no sector 2, UE 470.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	470	1	NE/65

Cronoloxía tipolóxica e tradición oleira

Son características da olería noroccidental durante a Fase Media e Final.



Mapa da presenza de vasillas Borneiro A

2. VASILLA SINGULAR Recarea


Fragmentos: 2

Vasilla: 1

Este fondo recortado na metade do perímetro por un borde transversal forma parte dunha serie de fragmentos difíciles de clasificar polos seus riscos particulares, e que en principio parece que forman parte de un tipo de peza cerámica que denominamos singulares Recarea.

Manufactura

Conserva indicios dun alisado vertical no arranque da panza e transversal no plano de apoio do fondo. Ten rebabas arredor do borde que vai transversal o perímetro e marcas de unha finiña rotura na liña exterior deste borde, preto do seu arranque.




Contexto arqueolóxico

Atopáronse dous fragmentos dun fondo de vasilla singular no sector 2, ambos na UE 471 e pertencentes á mesma vasilla.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	471	2	NE/70
			NE/71

Cronoloxía tipolóxica e tradición oleira

Teñen unha distribución xeográfica polo área noroccidental e unha distribución cronolóxica o longo do Ferro II e mais o cambio de era.



Mapa da presenza de vasillas Recarea.

Grupos formais sen atribucións oleiras

1. VASILLAS CON LABIO REDONDEADO

Fragmentos: 10

Vasillas: 9


Forma: Labio definido por unha lixeira inclinación exvasada e as veces por un lixeiro engrosamento redondeado de sección ovalada.


Dunha delas –Ne/20-90- se conserva un asa tetralobular de cinta. Da vasilla Ne/94 coñecemos o arranque dun asa que sabemos que é de sección grosa.

Acabado: So dous exemplares conservan a superficie orixinal. A vasilla Ne/36 ten espatulado vertical polas dúas caras e na Ne/94 é vertical no exterior.

Decoración: A Vasilla Ne/20-90 ten os lóbulos adornados con incisións oblicuas que no seu conxunto compoñen un motivo de espigados. Nun plano superior que define a súa unión co labio leva unha franxa de liñas paralelas.


Diámetros: entre 10 e 19 cm.





Ne/31





Contexto arqueolóxico: A totalidade das vasillas con labio redondeado apareceron no sector 2. Tres fragmentos identificados apareceron na UE 450 e catro na UE 499. Identifícanse 9 vasillas.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	420	2	NE/30
			NE/31
	450	3	NE/33
			NE/36
			NE/54
	499	4	NE/90-20
			NE/91
			NE/93
			NE/94

2. VASILLAS CON LABIO MONOFACETADO

Fragmentos: 22

Vasillas: 20

Forma: Son o grupo predominante, sobre todo os de faceta ancha e media e só dous de faceta estreita –Ne60 e 48. Case todos con dobrado en viseira, inclusive un dos facetados estreitos -Ne/48-.


So dúas pezas –Ne/81-82 e Ne/28- as que conservan o perfil ata o arranque do corpo, que as inclúe entre os facetados B polo mediano desenrollo da súa altura.


A vasilla NE/012 ten decoración incisa con liñas acanaladasdobres formando un motivo en zigzag na faceta, que probablemente só ocupe tramos interrompidos.


Acabado: As vasillas de diámetros grandes teñen o interior da boca moito mellor suavizada.



Marcas de uso: Algunhas das vasillas de tamaño medio –Ne/51, 56, 28 e 95- teñen restos de feluxe.


Diámetros: O tamaño das vasillas oscila entre 14 e 31cm.










	 Ne/081-082
 0 cm 1  0 cm 1	 Ne/075
 0 cm 1  0 cm 1	 Ne/039
 0 cm 1 2  0 cm 1	 Ne/043
 0 cm 1 2  0 cm 1 2	 Ne/044
 0 cm 1  0 cm 1	 Ne/059
 0 cm 1  0 cm 1	 Ne/056
 0 cm 1  0 cm 1	 Ne/053
 0 cm 1 2  0 cm 1 2	 Ne/040
 0 cm 1 2  0 cm 1 2	 Ne/087-088



Contexto arqueolóxico

As vasillas con labio monofacetado apareceron na súa totalidade no sector 2. O maior número de fragmentos corresponde á UE 450, seguido pola UE 499. Nesta última atópanse dúas roturas in situ. Identifícanse en total 20 vasillas.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	420	1	NE/28
			NE/12
			NE/38
			NE/39
			NE/40
			NE/43
			NE/44
			NE/45
			NE/48
			NE/51
			NE/53
			NE/56
	470	1	NE/59
			NE/60
	496	1	NE/75

	499	4	NE/81 NE/82 NE/84 NE/87 NE/88 NE/89
	800	1	NE/95

3. VASILLAS CON LABIO RECTO

Fragmentos: 1

Vasillas:1

É un labio recto simple difícil de orientar nun plano, que en principio corresponde a un colo de escasa altura si consideramos que a rotura lisa e plana da parte inferior indica o arranque da panza.



Contexto arqueolóxico

A totalidade dos fragmentos de vasillas de labio recto apareceu no sector 2, UE 450.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	450	1	UE/112

4. VASILLAS GLOBULARES


Fragmentos: 4

Vasillas: 4


Dúas vasillas –Ne/78 e 175-rematan con borde simple, unha ten faceta horizontal e unha proxección en pico cara dentro –Ne/35-e outra remata cun borde redondeado engrosado cara o interior –Ne/35-.

Acabado: So a Ne/67 conserva parte do alisado. O resto dos fragmentos se atopan moi alterados.


Diámetros da boca: de entre 12 e 18 cm.



Ne/35




Ne/67



Ne/35



Ne/67



Contexto arqueolóxico

As vasillas globulares aparecen no sector 2, con predominio na UE 498. Identifícanse 4 vasillas.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	450	1	NE/35
	498	2	NE/175 NE/78
	813	1	NE/67

5. VASILLAS GLOBULARES CON BORDE REFORZADO


Fragmentos: 4

Vasillas: 3

Forma: Todas con sección triangular, una delas –Ne/76-77- cun reborde marcado no punto interior de transición o corpo.

Acabado: A cara superior dos labios está en todas moi suavizado.

Diámetros da boca: de entre 22 e 33 cm.



Contexto arqueolóxico

Os exemplares de vasillas de borde reforzado aparecen no sector 2. A maior concentración de fragmentos dáse na UE 498, dous son dunha rotura in situ.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	470	1	NE/63
	498	3	NE/76 NE/77 NE/80


6. ASAS

Fragmentos: 2

Vasillas: 2

Forma: Son de ponte con dous puntos de inserción, probablemente verticais. Unha –Ne/42- é de sección plano convexa case rectangular e outra –Ne/64- é de forma cilíndrica.

Atópanse bastante alteradas nas súas superficies.



Contexto arqueolóxico

Apareceron dous fragmentos de asa, todos no sector 2 e correspondentes a 2 vasillas distintas. A UE é diferente en cada un.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	450	1	NE/42
	470	1	NE/64

7. FONDOS


Fragmentos: 7


Vasillas:7


Son todos de transición en aresta no exterior e achandada no interior ou cun lixeiro cóbado.

Dous fragmentos conservaron concrecións do seu contido –Ne/72 e Ne/57-.

Diámetros: De entre 9 e 16 cm.







Contexto arqueolóxico

Os fondos aparecen na súa totalidade no sector 2. Tres dos fragmentos aparecen na UE 450 e outros dous na UE 499, representando a maior concentración dos achados.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	450	3	NE/41 NE/55 NE/57
	489	1	NE/72
	499	2	NE/85 NE/86
	802	1	NE/96


8. PANZAS DECORADAS DECORACIÓN INCISA

Fragmentos: 2

Vasillas: 2

As liñas oblicuas de Ne/21 puideran formar parte dunha cenefa composta dun zigzag múltiple, como é moi frecuente nas xerras Toralla dos castros do Barbanza.

As liñas oblicuas de Ne/16 sobre un pequeno realce aplicado dan o aspecto dun cordón sogueado.



Contexto arqueolóxico

Atópanse dous fragmentos de vasillas decoradas con motivos incisos, ambos no sector 2, áinda que en UEs diferentes.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	495	1	NE/16
	802	1	NE/21


DECORACIÓN ESTAMPILLADA

Fragmentos: 2

Vasillas: 2

Ne/22 ten una cenefa de SS triples enmarcadas por catro acanaladuras. Pola súa localización no colo, a finura das paredes e a composición decorativa podería incluírse nas decoracións de Xerras Toralla.

Ne/10 É tamén de paredes finas e una cenefa de triángulos con raiado converxente enmarcada por tres acanaladuras finas.




Contexto arqueolóxico

Atópanse dous fragmentos de vasillas decoradas con motivos impresos ou estampillados, ambos no sector 2, áinda que en UEs diferentes.

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	450	1	NE/10
	802	1	NE/22

CERÁMICA DE IMPORTACIÓN

Unha boa parte dos restos cerámicos recuperados durante a actuación arqueolóxica realizada no Castro de Neixón no ano 2012, remiten a unha cronoloxía romana. A cerámica de importación representa o 42% do total, con 121 fragmentos.



Como se pode observar na gráfica, a **ánfora** representa o **maior número** de fragmentos (83) localizados en canto a cerámica de importación, seguida pola cerámica común romana , que representa un 26% do total, con 33 fragmentos.

1. ÁNFORAS

A ánfora é unha especie cerámica destinada ó transporte de alimentos, tales como viños, aceites, salgaduras e outros produtos derivados do peixe, converténdose nun valioso testemuño da actividade económica e comercial do período romano.


Foron recuperados un elevado número de exemplares anfóricos (83) a porcentaxe máis representativa dentro do conxunto de materiais arqueolóxicos cerámicos de época romana exhumados no transcurso da intervención (70% do total). Non obstante, destaca a procedencia do ámbito hispano, do sur da península, documentándose 8 fragmentos de ánfora bética, dos que 6 identificáronse ca forma Haltern 70.

En relación ás arxillas nas que foron realizados os exemplares, naturalmente existe gran variedade cromática e de texturas, documentándose pastas de tonalidades beige, ocre, rosada e laranxa, a meirande parte porosas.

a. Opérculos:

Fragmentos: 1

Vasillas:1



Contexto arqueolóxico:

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	450	1	NE/133

Possible opérculo atopado no sector 2, UE 450, sendo o único achado deste tipo.

b. Bordes:

Fragmentos:1

Vasillas:1



Contexto arqueolóxico:


SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	496	1	NE/244



Borde de ánfora atopado no sector 2, UE 450, sendo o único achado deste tipo.



c. Asas:

Fragmentos:8

Vasillas:8







Contexto arqueolóxico:


SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
1	320	1	NE/2
2	450	2	NE/49
			NE/279
	470	3	NE/61
			NE/233
			NE/234
	489	1	NE/73
	822	1	NE/99

Atopáronse oito fragmentos de asas, tres deles na UE470.

d. Pivotes:

Fragmentos: 1

Vasillas:1



Contexto arqueolóxico:

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	420	1	NE/32

Pivote de ánfora atopado no sector 2, UE 420, sendo o único achado deste tipo.


2. PASTAS CLARAS

Tan só representan un 1% do total de cerámica romana atopada, sendo tan só 1 o fragmento de cerámica de pastas claras atopado.

a. Fondo:

Fragmentos: 1

Vasillas: 1



Contexto arqueolóxico:

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	470	1	NE/100

Atopouse un único fragmento de fondo e parte do corpo no sector 2, UE 470.

3. CERÁMICA COMÚN

A cerámica común romana é unha producción representativa no conxunto cerámico exhumado de cerámica de época romana (26% do total).

As producións cerámicas comúns mellor coñecidas e más representativas do noroeste peninsular encóntranse na capital conventual lucense. A historia da cidade divídese en catro grandes etapas durante a Antigüidade, extrapolables a outros puntos do territorio galego. Primeiramente, as orixes, vinculadas ó mandato de Augusto, período do que non se recuperaron apenas vestixios que permitan definila con fiabilidade. A continuación, a primeira fase, desenvolveríase ao longo do século I d. C., definida pola convivencia de elementos indíxenas e foráneos. A segunda etapa abranguería as décadas iniciais da segunda centuria ata os finais da cuarta, correspondendo ó florecemento urbanístico e material da cidade, plenamente romanos. Finalmente a terceira fase faría referencia aos momentos finais do século IV ata a caída da cidade ás mans dos suevos da que se localizaron escasos e pobres materiais. (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 55).

A cerámica común romana da primeira centuria da era


Dentro do conxunto da cerámica realizada ó longo da primeira fase, encadrada a grandes trazos na I centuria despois de Cristo, puideron establecerse dous tipos de pasta, unha indíxena e outra influenciada polas técnicas romanas. Os barros do primeiro grupo caracterízanse por posuír tonalidades escuras, agrisadas, mouras e acastañadas, non sempre uniformes. En cambio, as pastas do segundo tipo presentan cores agrisadas claras e ocres avermellados. Non obstante, a composición mineralólica é similar entre ambos os dous, así predominan as partículas micáceas, ás que se suman puntos brancos, negros e vermellos, diferenciándose únicamente nunha porcentaxe maior de desgrasantes cuarcíticos nas pastas influenciadas, o que lles confire maior

compactación e resistencia á fractura, en oposición á fraxilidade e aspecto areento propio das indíxenas (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 57).

a. Bordes:

Fragmentos: 2

Vasillas: 2



Contexto arqueolóxico:



SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	498	1	NE/79
2	450	1	NE/46

Atopáronse dous fragmentos de borde sector 2.

b. Fondos:

Fragmentos:2

Vasillas:2



Contexto arqueolóxico


SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	465	1	NE/74
3	2	1	NE/102

Atopáronse dous fragmentos de fondo de cerámica común romana, un en cada sector (2 e 3).

c. Fragmentos decorados:

Fragmentos:3

Vasillas:3





Ne/18



Ne/24

Contexto arqueolóxico:

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	470	1	NE/15
2	498	1	NE/18
2	802	1	NE/24

Atopáronse tres fragmentos decorados de pastas claras, todos eles no sector 2.

4. TERRA SIGILLATA

A *terra sigillata* caracterízase por lucir un recubrimento de engobe de tonalidade e calidade variables e presentando en ocasións decoración. A denominación deriva do feito de que certos exemplares das producións altoimperiais teñen un *sigillum*, selo ou marca de oleiro, sobre o interior da base. A especie *terra sigillata* engloba diferentes producións atendendo ó ámbito xeográfico no cal foron fabricadas, vinculadas a uns contextos cronolóxicos definidos con maior ou menor precisión. A *terra sigillata hispánica* (TSH) foi producida en territorio hispano e documéntase na cidade de Lugo cara mediados do século I d. C., competindo coa *terra sigillata gálica* (TSG), á que acabará por desprazar do mercado local a partir do ano 80 d. C. As formas hispánicas documentadas no ámbito galego reflictén boa parte do repertorio formal producido nos alfares do norte peninsular, procedendo do complexo oleiro localizado no Val do Ebro, *Tritium Magallum*.

A TSH realizaase con arxillas moi tratadas, de tonalidade vermella clara ou rosada, con presenza de grans amarelos e algunas diminutas vacuolas e corte relativamente limpo pero non vítreo. O engobe que a recubre, xeralmente aplicado sobre ambas superficies, é de cor vermella ou roxo alaranxado, brillante, adherente e compacto. Non obstante, avanzado o século II adopta un ton más alaranxado e perde compactación e brillo.

Forma 37

Correspón dese cun cunco definido por un bordo recto ou lixeiramente inclinado cara ó interior, remarcado por unha acanaladura inferior seguida dunha moldura, corpo semiesférico e base de pé anular. Atendendo ó trazado do bordo establecéncense dúas variantes, unha na que é continuación da liña do corpo e outra na que mostra un perfil amendoadado. Pode recibir decoración de maior ou menor complexidade ou estar lisa. Este recipiente é dos más abundantes de todo o repertorio formal da TSH, debido á súa funcionalidade, perdurando durante toda a fase altoimperial da devandita producción, é dicir, entre os anos 50 e 300 d. C. (SOLOVERA SAN JUAN, 1987: 97-98).

a. Fragmentos: 1

b. Vasillas:1



Contexto arqueolóxico

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
3	2	1	NE/101


Atopouse un único fragmento de Terra Sigillata no sector 3, UE 2.

5. CERÁMICA DE ENGOBE VERMELLO

Tan só representan un 2% do total de cerámica de época romana atopada, sendo 3 os fragmentos localizados.

a. Fragmentos:3

b. Vasillas: 3



Contexto arqueolóxico

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
1	320	1	NE/1
2	811	1	NE/97
3	17	1	NE/106


Atopáronse 3 fragmentos con engobe vermello, un en cada sector. O fragmento aparecido no sector 1 é un borde, sendo os outros dous fragmentos panzas.

TEXTIL

Localizouse un fragmento de material cerámico fragmentado e utilizado como pesa de tear (NE/290), feito testemuñado a través da forma troncocónica da mesma e a perforación que presentaría, posiblemente, na parte superior que lle falta. A época á que pertence é indeterminada.

c. Fragmentos:1

d. Individuos:1



Contexto arqueolóxico:

SECTOR	UE	CANTIDADE	SIGLA
2	450	1	NE/290


Atopouse un só fragmento deste tipo, no sector 2, UE450.

DISPERSIÓN DO MATERIAL

Atendendo á localización dos diferentes fragmentos cerámicos atopados nesta campaña 2012, podemos concluir que foi no **Sector 2** onde máis porcentaxe de material cerámico se documentou, representando con 264 fragmentos, o 91% do total (287). As unidades estratigráficas **450 e 470**, foron ás que máis fragmentos cerámicos aportaron, representando un 30% e un 10% repectivamente con respecto ao resto das UEs do Sector 2. Tamén cabe salientar que nesta área de escavación, están representadas todas as cerámicas de época castrexa desta campaña, e cun número bastante alto, as cerámicas de importación; así mesmo tamén aquí se localizou 1 *pondus* e a meirande parte do material latericio de construcción.

En canto aos **Sectores 1 e 3**, todo o material cerámico documentado representa á época romana, agás os fragmentos cerámicos atopados que adscribimos a unha época indeterminada.

No sector 1, destaca a aparición de numerosos fragmentos de ánfora, mentres que no Sector 3, é salientable sinalar a documentación dun fragmento de Terra Sigillata. A **UE320** no Sector 1 e a **UE2** no Sector 3, son as dúas unidades estratigráficas que máis material cerámico aportaron.



Listado de materiais cerámicos

Sigla	Sector	UE	Producción	Forma	Descripción formal	Diámetro	Pasta	Acabado	Técnica decorativa	Motivo decorativo	Cronoxía	Observacións
NE/001	1	320	Cerámica de engobe vermello	Indeterminada	Fragmento de borde e corpo	17cm	Ocre depurada	Conserva restos de engobe vermello externo			Época romana	
NE/002	1	320	Ánfora bética	Haltern 70	Fragmento de asa e corpo		Rosada-ocre porosa	Alisado	Dixitación	Asa con acanaladura horizontal externa pronunciada e posible dixitación na parte superior	Finais século I a.C-inicios século I d.C.	
NE/003	1	320	Material de construcción latericio	Latericio indeterminado	Fragmento de latericio indeterminado		Alaranxada porosa				Época romana	Está moi rodada
NE/005	1	321	Cerámica indeterminada	Indeterminada	Fragmento de corpo		Tipo sandwich	Alisado			Época indeterminada	
NE/006	1	321	Cerámica indeterminada	Indeterminada	Fragmento de corpo		Ocre porosa	Alisado			Época indeterminada	
NE/007	1	321	Ánfora bética	Indeterminada	Fragmento de corpo		Ocre porosa	Alisado			Época romana	
NE/008	1	321	Ánfora bética	Indeterminada	Fragmento de corpo		Ocre porosa	Alisado			Época romana	
NE/009	1	321	Ánfora bética	Indeterminada	Fragmento de corpo		Ocre porosa	Alisado			Época romana	
NE/010	2	450	Cerámica castrexia	Indeterminada	Fragmento de corpo		Gris depurada	Alisado	Impresa	Presenta tres impresións	Idade do Ferro	
NE/011	2	450	Cerámica común romana	Indeterminada	Fragmento de corpo		Marrón cuarcít	Alisado e peiteado externo			Época romana	

							ica					
NE/012	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde e corpo	28cm	Beige groseira	Alisado e bruñido	Incisa	Presenta decoración incisa en zigzag, na parte superior do borde	II Idade do Ferro	
NE/013	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla tipo Vigo	Fragmento de borde e corpo	18cm	Beige groseira	Alisado	Impresa	Presenta decoración impresa no borde a base dunha serie de liñas paralelas	s. I a.C.- s. II d.C.	
NE/014	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla tipo Vigo	Fragmento de borde		Ocre groseira	Alisado	Impresa	Presenta dúas series decorativas, unha a base de liñas paralelas verticais na parte redondeada do borde e outra a base de puntos na parte superior	s. I a.C.- s. II d.C.	
NE/015	2	470	Cerámica común romana	Indeterminada	Fragmento de corpo		Tipo sandwich.Gris moi porosa	Alisado e bruñido	Incisa	Presenta varias liñas incisas horizontais	Época romana	
NE/016	2	495	Cerámica castrexia	Indeterminada	Dous fragmentos de corpo		Gris depurada	Alisado	Incisa	Serie de espigados incisos oblicuos	Idade do Ferro	
NE/017	2	496	Cerámica castrexia	Vasilla tipo Vigo	Fragmento de borde e	20cm	Beige groseir	Alisado	Impresa	Presenta dúas cenefas con	s. I a.C.- s. II d.C.	Pega con NE/98

					corpo		o			serie de espigados-liñas oblicuas		
NE/018	2	498	Cerámica común romana	Indeterminada	Fragmento de corpo		Beige depurada	Alisado	Espatulado	Presenta unha liña espatulada horizontal	Época romana	
NE/019	2	499	Cerámica castrexa	Vasilla tipo Vigo	Fragmento de borde		Ocre groseira	Alisado	Incisa e impresa	Presenta decoración vertical de liñas paralelas na parte redondeada do borde e liñas paralelas horizontais na parte superior	s. I a.C.- s. II d.C.	
NE/020	2	499	Cerámica castrexa	Asa indeterminada	Fragmento de asa		Beige depurada	Alisado	Incisa e impresa	Presenta catro cenefas verticais con liñas oblicuas na asa e cenefa transversal no arranque da asa con liñas paralelas incisas	Idade do Ferro	Pega con NE/90
NE/021	2	802	Cerámica castrexa	Indeterminada	Fragmento de corpo indeterminado		Marrón depurada	Alisado	Incisa	Serie de 4 incisiones oblicuas	Idade do Ferro	
NE/022	2	802	Cerámica castrexa	Indeterminada	Fragmento de corpo indeterminado		Marrón depurada	Alisado	Impresa	Presenta catro acanaladuras e unha serie de "S" simples impresas	Idade do Ferro	

NE/023	2	802	Cerámica castrexa	Indeterminada	Fragmento de corpo indeterminado		Ocre porosa	Alisado e bruñido	Espatulado	Presenta espatulado externo	Idade do Ferro	Pega con NE/26
NE/024	2	802	Cerámica común romana	Indeterminada	Fragmento de corpo indeterminado		Marrón depurada	Alisado	Espatulado	Presenta espatulado externo	Época romana	
NE/025	2	802	Cerámica castrexa	Vasilla tipo Neixón	Fragmento de corpo indeterminado		Marrón depurada	Alisado			I Idade do Ferro	
NE/026	2	802	Cerámica castrexa	Indeterminada	Fragmento de corpo indeterminado		Ocre porosa	Alisado e bruñido	Espatulado	Presenta espatulado externo	Idade do Ferro	Pega con NE/23
NE/028	2	420	Cerámica castrexa	Vasilla con labio monofaceteado	Fragmento de borde e corpo	18cm	Ocre depurada	Alisado			II Idade do Ferro	Ennegrecida probablemente por estar espota ao lume
NE/029	2	420	Cerámica castrexa	Indeterminada	Fragmento de borde fragmentado e corpo		Gris micácea	Alisado			Idade do Ferro	
NE/030	2	420	Cerámica castrexa	Vasilla con labio redondeado	Fragmento de borde e corpo	10cm	Gris micácea	Alisado			Idade do Ferro	
NE/031	2	420	Cerámica castrexa	Vasilla con labio redondeado	Fragmento de borde e corpo	12 cm	Gris micácea	Alisado			Idade do Ferro	
NE/032	2	420	Ánfora bética	Haltern 70	Fragmento de pivote de ánfora		Ocre porosa	Alisado			Finais século I a.C-inicios século I d.C.	
NE/033	2	450	Cerámica castrexa	Vasilla con labio	Fragmento de borde		Marrón	Alisado			Idade do Ferro	

				redondeado			groseira					
NE/034	2	450	Cerámica castrexia	Xerra Toralla	Fragmento de asa		Alaranxada cuarcítica	Alisado	Incisa	Presenta unha liña incisa ó longo da asa	II Idade do Ferro (s.IV-II a.C.)	Pega con NE/37
NE/035	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla globular	Fragmento de borde e corpo	18cm	Alaranxada cuarcítica				s.III a.C.-s.I d.C.	
NE/036	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla con labio redondeado	Fragmento de borde e corpo		Marrón depurada	Alisado			Idade do Ferro	
NE/037	2	450	Cerámica castrexia	Xerra Toralla	Fragmento de asa		Alaranxada cuarcítica	Alisado	Incisa	Presenta unha liña incisa ó longo da asa	II Idade do Ferro (s.IV-II a.C.)	Pega con NE/34
NE/038	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde e corpo	22cm	Beige groseira	Alisado		Presenta restos de acabado de cor alaranxado	II Idade do Ferro	
NE/039	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde e corpo		Marrón groseira	Alisado			II Idade do Ferro	
NE/040	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde		Marrón groseira	Alisado	Espatulado	Presenta espatulado externo	II Idade do Ferro	
NE/041	2	450	Cerámica castrexia	Fondo indeterminado	Fragmento de base de fondo plano		Gris depurada	Alisado, peiteado e bruñido			Idade do Ferro	
NE/042	2	450	Cerámica castrexia	Asa indeterminada	Fragmento de asa		Marrón depurada	Alisado			Idade do Ferro	

NE/043	2	450	Cerámica castrexa	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde		Marrón depurada	Alisado			II Idade do Ferro	
NE/044	2	450	Cerámica castrexa	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde	25cm	Blanca porosa	Alisado			II Idade do Ferro	
NE/045	2	450	Cerámica castrexa	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde		Gris groseira	Alisado			II Idade do Ferro	
NE/046	2	450	Cerámica común romana	Indeterminada	Fragmento de borde e corpo	20cm	Alaranxada moi porosa	Alisado			Época romana	
NE/047	2	450	Cerámica castrexa	Vasilla tipo Cíes	Fragmento de borde e corpo	40cm	Gris groseira	Alisado			II Idade do Ferro (s.IV-II a.C.)	
NE/048	2	450	Cerámica castrexa	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde e corpo	14cm	Marrón depurada	Alisado e peiteado e bruñido? Interno			II Idade do Ferro	
NE/049	2	450	Ánfora bética	Haltern 70	Fragmento de asa e corpo		Ocre porosa	Alisado	Incisa	Asa con acanaladura horizontal externa pronunciada	Finais século I a.C-inícios século I d.C.	
NE/050	2	450	Cerámica castrexa	Vasilla tipo Cíes	Fragmento de borde	21cm	Marrón depurada	Alisado			II Idade do Ferro (s.IV-II a.C.)	
NE/051	2	450	Cerámica castrexa	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde e corpo	18cm	Beige depurada	Alisado			II Idade do Ferro	Presenta marcas de estar esposta ao lume
NE/052	2	450	Cerámica	Vasilla	Fragmento		Ocre	Alisado			s. I a.C.- s. II	

			castrexia	tipo Vigo	de borde		porosa			d.C.	
NE/053	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde		Marrón groseita	Alisado		II Idade do Ferro	Moi fragmentado
NE/054	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla con labio redondeado	Fragmento de borde e corpo	10cm	Marrón depurada	Alisado		Idade do Ferro	
NE/055	2	450	Cerámica castrexia	Fondo indeterminado	Fragmento de base de fondo plano	9cm	Beige depurada	Alisado		Idade do Ferro	Presenta marcas de estar esposta ao lume no interior
NE/056	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde		Beige depurada	Alisado		II Idade do Ferro	Presenta marcas de estar esposta ao lume
NE/057	2	450	Cerámica castrexia	Fondo indeterminado	Fragmento de base de fondo plano	7cm	Marrón depurada	Alisado		Idade do Ferro	Presenta marcas de estar esposta ao lume
NE/058	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla tipo Vigo	Fragmento de borde		Gris groseira	Alisado		s. I a.C.- s. II d.C.	Moi fragmentada
NE/059	2	450	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde		Marrón cuarcítica	Alisado		II Idade do Ferro	
NE/060	2	470	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde e corpo	22cm	Beige micácea	Alisado e peiteado, bruñido?		II Idade do Ferro	
NE/061	2	470	Ánfora	Indeterminada	Fragmento de asa e corpo		Alaranxada porosa	Alisado		Época romana	
NE/062	2	470	Cerámica castrexia	Vasilla tipo Cíes	Fragmento de borde		Alaranxada	Alisado		II Idade do Ferro (s.IV-II)	

							porosa				a.C.)	
NE/063	2	470	Cerámica castrexia	Vasilla de borde reforzado	Fragmento de borde e corpo	22cm	Gris groseira	Alisado			Idade do Ferro	
NE/064	2	470	Cerámica castrexia	Asa indeterminada	Fragmento de asa		Marrón depurada	Alisado			Idade do Ferro	
NE/065	2	470	Cerámica castrexia	Vasilla tipo Borneiro A	Fragmento de base	14cm	Marrón groseira	Alisado			II Idade do Ferro (s.I a.C.-s.I d.C.)	Presenta na base o que podería ser o arranque dun reborde perimetral
NE/066	2	813	Cerámica castrexia	Indeterminada	Fragmento de corpo		Marrón groseira	Alisado			Idade do Ferro	
NE/067	2	813	Cerámica castrexia	Vasilla globular	Fragmento de borde e corpo		Marrón cuarcítica	Alisado			Idade do Ferro	
NE/068	2	813	Cerámica castrexia	Indeterminada	Fragmento de corpo con baquetón		Beige groseira	Alisado			Idade do Ferro	
NE/069	2	471	Cerámica castrexia	Borde indeterminado	Fragmento de borde		Gris groseira	Alisado			Idade do Ferro	
NE/070	2	471	Cerámica castrexia	Vasilla singular	Fragmento de corpo de fondo plano	14cm	Roxiza	Alisado			II Idade do Ferro (s.I a.C.-s.I d.C.)	Pega con NE/71
NE/071	2	471	Cerámica castrexia	Vasilla singular	Fragmento de base de fondo plano	14cm	Roxiza	Alisado			II Idade do Ferro (s.I a.C.-s.I d.C.)	Pega con NE/70
NE/072	2	489	Cerámica castrexia	Fondo indeterminado	Fragmento de base de fondo plano	16cm	Gris groseira	Alisado			Idade do Ferro	Presenta marcas de estar esposta ao lume e restos

												de posibles alimentos no seu interior
NE/073	2	489	Ánfora	Indeterminada	Fragmento de asa		Blanca ecina porosa	Alisado			Época romana	Presenta restos de acabado de cor vermello
NE/074	2	495	Cerámica común romana	Indeterminada	Fragmento de base de fondo plano	4cm	Marrón depurada	Alisado			Época romana	
NE/075	2	496	Cerámica castrexa	Vasilla con labio monofaceteado	Fragmento de borde e corpo		Ocre porosa	Alisado			II Idade do Ferro	
NE/076	2	498	Cerámica castrexa	Vasilla de borde reforzado	Fragmento de borde e corpo	33cm	Gris groseira	Alisado			Idade do ferro	Pega con NE/77
NE/077	2	498	Cerámica castrexa	Vasilla de borde reforzado	Fragmento de borde e corpo	33cm	Gris groseira	Alisado			Idade do Ferro	Pega con NE/76
NE/078	2	498	Cerámica castrexa	Vasilla globular	Fragmento de borde e corpo		Beige micácea	Alisado			Idade do Ferro	
NE/079	2	498	Cerámica común romana	Indeterminada	Fragmento de borde e corpo		Marrón depurada	Alisado			Época romana	De moi pequenas dimensóns
NE/080	2	498	Cerámica castrexa	Vasilla de borde reforzado	Fragmento de borde e corpo		Beige micácea	Alisado			II Idade do Ferro	
NE/081	2	499	Cerámica castrexa	Vasilla con labio monofaceteado	Fragmento de borde e corpo	28cm	Gris depurada	Alisado			II Idade do Ferro	Pega con NE/82
NE/082	2	499	Cerámica castrexa	Vasilla con labio monofaceteado	Fragmento de borde e corpo	28cm	Gris depurada	Alisado			II Idade do Ferro	Pega con NE/81

				tado									
NE/083	2	499	Cerámica castrexia	Vasilla tipo Cíes	Fragmento de borde e corpo	30cm	Marrón depurada	Alisado	Espatulado	Espatulado horizontal en ambas caras	II Idade do Ferro (s.IV-II a.C.)		
NE/084	2	499	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde e corpo	20cm	Beige depurada	Alisado			II Idade do Ferro		
NE/085	2	499	Cerámica castrexia	Fondo indeterminado	Fragmento de base de fondo plano		Beige depurada	Alisado			Idade do Ferro		
NE/086	2	499	Cerámica castrexia	Fondo indeterminado	Fragmento de base de fondo plano	10cm	Ocre depurada	Alisado			Idade do Ferro		
NE/087	2	499	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde e corpo	31cm	Beige depurada	Alisado e peiteado no interior			II Idade do Ferro	Pega con NE/88	
NE/088	2	499	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde e corpo	31cm	Beige depurada	Alisado e peiteado no interior			II Idade do Ferro	Pega con NE/87	
NE/089	2	499	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Fragmento de borde e corpo		Gris groseira	Alisado			II Idade do Ferro		
NE/090	2	499	Cerámica castrexia	Vasilla con labio redondeado	Fragmento de borde fragmentado e corpo		Ocre depurada	Alisado	Incisa	Presenta decoración incisa no borde en forma de pequeñas liñas	Idade do Ferro	Presenta marcas de estar esposta ao lume.Pega con NE/20	
NE/091	2	499	Cerámica castrexia	Vasilla con labio redondeado	Fragmento de borde e corpo	19cm	Gris groseira	Alisado			Idade do Ferro		

				do								
NE/092	2	499	Cerámica castrexia	Borde indeterminado	Fragmento de borde		Beige depurada	Alisado			Idade do Ferro	
NE/093	2	499	Cerámica castrexia	Vasilla con labio redondeado	Fragmento de borde e corpo		Tipo sandwich	Alisado			Idade do Ferro	
NE/094	2	499	Cerámica castrexia	Vasilla con labio redondeado	Fragmento de borde e posible arranque de elemento de suspensión/asa		Marrón groseira	Alisado			Idade do Ferro	
NE/095	2	800	Cerámica castrexia	Vasilla con labio monofacetado	Dous fragmentos de borde e corpo	20cm	Beige groseira	Alisado			II Idade do Ferro	
NE/096	2	802	Cerámica castrexia	Fondo indeterminado	Fragmento de base de fondo plano e corpo	12cm	Ocre groseira	Alisado			Idade do Ferro	
NE/097	2	811	Cerámica de engobe vermello	Indeterminada	Fragmento de corpo		Alaranxada groseira	Alisado e conserva restos de engobe vermello no exterior			Época romana	
NE/098	2	811	Cerámica castrexia	Vasilla tipo Vigo	Fragmento de borde	20cm	Ocre porosa	Alisado	Incisa e impressa	Presenta dúas cenefas paralelas con espigados oblicuos	s. I a.C.- s. II d.C.	Pega con NE/17
NE/099	2	822	Ánfora	Indeterminada	Fragmento de asa		Ocre porosa	Alisado			Época romana	
NE/100	2	470	Cerámica	Possible	Fragmento	4cm	Ocre	Alisado			Época	De pequenas

			de pastas claras	ola globular	de base de fondo plano e corpo		depurada				romana	dimensions e cun reborde na base
NE/101	3	2	TSH	Possible Forma 37	Fragmento de corpo		Alaranxada depurada calcítica	Engobe sobre ambas superficies, ben conservado	A molde	Presenta serie de círculos concéntricos, moi rodado	Finales s.I - III d.C. (40 d.C.-300 d.C.)	
NE/102	3	2	Cerámica común romana	Possible ola globular	Fragmento de base de fondo plano e corpo	3cm	Gris micácea	Alisado			Época romana	De pequenas dimensions
NE/103	3	2	Cerámica castrexa	Indeterminada	Fragmento de corpo		Gris depurada	Alisado			Idade do ferro	
NE/104	3	2	Material de construcción latericio	Latericio indeterminado	Fragmento de latericio indeterminado		Alaranxada groseiramente				Época romana	
